

Saudamos desde estas páxinas do FARO DA CULTURA a obra primeira de D. Álvaro Cunqueiro —quen tamén, como é sabido, foi director deste xornal-, *Mar ao norde*. E esta feliz reedición faino así mesmo desde a primeira navegación dunha nova editora galega, Alento, que, en precisas e preciosas edicións bilingües, pretende achegar a nosa literatura alén das nosas fronteiras. Neste caso, o poemario de Cunqueiro, fermosamente ilustrado por Luís Seoane xa na súa publicación en 1932, está traducido ao castelán por Xavier R. Baixeras, tradución, digámolo xa, magnífica. Alén disto, o epílogo, de Xosé M^a Álvarez Cáccamo, examina con rigor os “pro-

Prodixios metamórficos

Don Álvaro ao Norde

ROMÁN RAÑA



dixios metamórficos” que o escritor mindoniense espalla nos seus versos. Acrecenta esta versión o emotivo texto de Cunqueiro Luís Seoane, mi ilustrador.

Efectivamente, a primeira poesía de D. Álvaro Cunqueiro difunde un ruboroso pudor de simetrías nas descrições dunha paisaxe que conecta, sen dúbida, coa pintura de vangarda. Sería ardua a discusión de se a podemos

encadrar no cubismo (pola ausencia de anécdota e polo seu carácter non figurativo), aínda que non sería disparatado emparentala coa refinada percepción do Zen xaponés, por exemplo cando define a luz: “E cómo doi vela/xa de tan branca negra/sempre no seu sitio/unque en mudanza sempre”. Sentido da percepción que o sitúa na liña dos escritores taoístas na identificación dos contrarios, que tamén aparece nos haikus de Basho. En resumo, unha obra que aínda hoxe nos fascina e maravilla, un pleno acerto dunha nova editorial nos nosos lares: Alento.

CUNQUEIRO, Álvaro, Mar ao Norde, Ed. Alento, Madrid, 2011, PVP:15 €